

# Memoria anual 2022/23

Escola de Doutoramento Internacional  
Universidade de Santiago de Compostela



## CONTIDO

|      |                                                                   |    |
|------|-------------------------------------------------------------------|----|
| 1.   | INTRODUCCIÓN .....                                                | 4  |
| 2.   | ACTIVIDADE ACADÉMICA .....                                        | 5  |
| 2.1. | OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO .....                         | 5  |
| 2.2. | NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO .....                             | 7  |
| 2.3. | ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO MATRICULADOS.....                      | 7  |
| 2.4. | TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS .....                            | 10 |
| 2.5. | PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO .....                     | 11 |
| 3.   | FORMACIÓN .....                                                   | 11 |
| 3.1. | ACTIVIDADES TRANSVERSAIS .....                                    | 11 |
| 3.2. | IX ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA.....                        | 16 |
| 3.3. | CONCURSO DE TESES EN 3 MINUTOS (3MT).....                         | 16 |
| 3.4. | CONCURSO “A TÚA TESE NUN FÍO DE TWITTER” .....                    | 17 |
| 4.   | DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA.....                       | 18 |
| 4.1. | BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS.....                                 | 18 |
| 4.2. | MANTEMENTO DO LINKEDIN DA EDIUS.....                              | 18 |
| 4.3. | ACTUALIZACIÓN DA WEB DA ESCOLA .....                              | 18 |
| 4.4. | COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL.....                                   | 19 |
| 5.   | INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE.....                            | 19 |
| 5.1. | DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS .....                      | 19 |
| 5.2. | CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE .....                                 | 20 |
| 6.   | NORMATIVA .....                                                   | 22 |
| 6.1. | LEI ORGÁNICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO (LOSU) .....                | 22 |
| 6.2. | MODIFICACIÓN DO RD 99/2011 DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO .....      | 22 |
| 7.   | RELACIÓNS INSTITUCIONAIS .....                                    | 24 |
| 7.1. | XORNADAS DE BENVIDA AO ALUMNADO .....                             | 24 |
| 7.2. | ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO<br>25 |    |
| 7.3. | XUNTANZAS CON OUTRAS INSTANCIAS UNIVERSITARIAS .....              | 25 |
| 7.4. | XUNTANZAS E XORNADAS CO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO.....             | 26 |
| 7.5. | XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS .....                   | 26 |
| 7.6. | CONFERENCIA DE DIRECTORES DE ESCUELAS DE DOCTORADO (CDED)....     | 27 |
| 7.7. | RELACIÓNS CON EMPRESAS .....                                      | 28 |
| 7.8. | CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS.....         | 28 |
| 8.   | ELECCIÓN DE CARGOS, PROCESOS ELECTORAIS E TRANSPARENCIA .....     | 28 |

|       |                                                                |    |
|-------|----------------------------------------------------------------|----|
| 9.    | XESTIÓN ADMINISTRATIVA.....                                    | 30 |
| 10.   | XESTIÓN DA CALIDADE .....                                      | 30 |
| 10.1. | RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO<br>31 |    |
| 10.2. | MODIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO.....                 | 31 |
| 10.3. | ENQUISAS DE SATISFACCIÓN.....                                  | 32 |
| 10.4. | INFORMES DE CALIDADE E PLAN DE MELLORAS.....                   | 33 |
|       | ANEXO I.....                                                   | 36 |
| A)    | EQUIPO DIRECTIVO DA EDIUS .....                                | 36 |
| B)    | EQUIPO ADMINISTRATIVO DA EDIUS.....                            | 37 |
| C)    | COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS .....                             | 37 |
| D)    | COMISIÓN DE CALIDADE DA EDIUS.....                             | 38 |
| E)    | COMISIÓN EXECUTIVA DA EDIUS .....                              | 38 |
| F)    | COMISIÓNS SECTORIAIS DA EDIUS.....                             | 39 |
| G)    | COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO .....               | 39 |

## ÍNDICE DE TÁBOAS E FIGURAS

|                                                                                                                                                           |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| <b>Táboa 1.</b> Oferta de prazas de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2022/2023 .....                                         | 5  |
| <b>Táboa 2.</b> Actividades formativas transversais xerais ofertadas pola EDIUS durante o curso académico 2022/23 para os estudantes de doutoramento..... | 13 |
| <b>Táboa 3.</b> Actividades formativas transversais sectoriais ofertadas pola EDIUS durante o curso 2022/23 para o seu alumnado.....                      | 14 |
| <b>Táboa 4.</b> Actividades formativas ofertadas pola EDIUS durante o curso 2022/2023 para o profesorado dos programas de doutoramento. ....              | 15 |
| <b>Táboa 5.</b> Evolución do número de persoas directoras de teses e de persoal experto do estranxeiro en tribunais de teses. ....                        | 19 |
| <b>Táboa 6.</b> Teses en cotutela defendidas na USC. ....                                                                                                 | 20 |
| <b>Táboa 7.</b> Teses con mención internacional defendidas na USC.....                                                                                    | 20 |
| <br>                                                                                                                                                      |    |
| <b>Figura 1.</b> Estudantes matriculados por curso académico. ....                                                                                        | 7  |
| <b>Figura 2.</b> Estudantado matriculado por curso e rama de coñecemento. ....                                                                            | 8  |
| <b>Figura 3.</b> Procedencia dos estudantes de doutoramento matriculados.....                                                                             | 8  |
| <b>Figura 4.</b> Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial. ....                                                                | 9  |
| <b>Figura 5.</b> Teses defendidas por curso e rama de coñecemento. ....                                                                                   | 10 |

## 1. INTRODUCCIÓN

Esta memoria contén a actividade desenvolvida na Escola de Doutoramento Internacional da Universidade de Santiago de Compostela (EDIUS) durante o curso académico 2022/2023.

Neste curso académico produciuse a ampliación da oferta académica con tres novos programas de doutoramento. Trátase dos programas de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións, Ciencias Sociais e Envellecemento, e Relacións Laborais e Recursos Humanos. Os dous primeiros programas enmárcanse no proxecto “Universidade sen Fronteiras (UNISF)”, financiado polo Programa Transfronteirizo INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP). No programa de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións participan todas as universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG) e todas as universidades da Rexión Norte de Portugal (Universidade do Minho, Universidade do Porto e Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro).

En canto ao programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento, participan as mesmas universidades galegas e portuguesas agás a Universidad do Minho. Por outra banda, o PD en Relacións Laborais e Recursos Humanos é un programa interuniversitario no que participan, ademais da USC, as universidades de Oviedo, Zaragoza e A Coruña.

Neste curso académico volveuse incrementar a oferta de actividades no ámbito da formación transversal da EDIUS. Así, esta oferta para o estudiantado de doutoramento neste curso 2022/23 constou de 46 actividades, das cales 21 foron propostas completamente novidasas.

Ademais, ao longo deste curso académico recibíronse todos os informes finais de acreditación dos programas de doutoramento pendentes, sendo todos favorables. Este resultado positivo avala a calidade destes programas e constitúe un éxito compartido das súas coordinacións, comisións académicas, estudantes, directores/as, titores/as, persoal docente e investigador, así coma da administración dos programas.

Finalmente, neste curso celebráronse unha nova edición do Encontro da Mocidade Investigadora (o noveno) e as segundas edicións dos concursos “A túa tese en 3 Minutos” e “A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: *#HiloTesis*”, este último coordinado desde a Rede Divulga de CRUE-I+D+i e contando con fases local (USC), galega e nacional.

## 2. ACTIVIDADE ACADÉMICA

A actividade académica da EDIUS estivo rexida durante o curso académico 2022/23 polo [calendario académico da USC](#) aprobado polo Consello de Goberno o 9 de marzo de 2022.

### 2.1. OFERTA DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

No curso 2022/23, e unha vez cumpridos todos os trámites académicos e administrativos, produciuse a incorporación á oferta académica de doutoramento da USC dos seguintes programas: Programa de doutoramento en Matemáticas e Aplicacións, Programa de doutoramento en Ciencias Sociais e Envellecemento, e Programa de doutoramento en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Por outra banda, o Programa de doutoramento en Xestión Sustentable da Terra e o Territorio comezou neste curso 2022/23 o seu proceso de extinción ante a escasa demanda nos últimos anos, o importante solapamento das súas liñas de investigacións coas existentes noutros programas de doutoramento e as recomendacións recibidas no seu informe final de acreditación. Polo tanto, no curso 2022/23 ofertáronse 56 programas desde a EDIUS, con 852 prazas para estudantado de novo ingreso.

A información sobre cada un dos 56 programas de doutoramento proporciónase no sitio [web oficial de titulacións da USC](#). Nela explícanse as condicións de admisión, a organización e actividades formativas propias, as liñas de traballo que se ofrecen e os grupos de investigación que participan no programa, ademais de datos de contacto e outra información de interese.

**Táboa 1.** Oferta de prazas de novo ingreso nos programas de doutoramento no curso académico 2022/2023

| NOME DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO                    | PAZAS OFERTADAS | SOLICITUDES DE ADMISIÓN | SOLICITUDES ADMITIDAS | MATRÍCULA |
|-----------------------------------------------------|-----------------|-------------------------|-----------------------|-----------|
| Agricultura e Medio Ambiente para o Desenvolvemento | 20              | 25                      | 15                    | 13        |
| Análise Económica e Estratexia Empresarial          | 12              | 42                      | 14                    | 12        |
| Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses    | 10              | 14                      | 7                     | 7         |
| Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria        | 12              | 15                      | 6                     | 6         |
| Biodiversidade e Conservación do Medio Natural      | 9               | 8                       | 4                     | 4         |
| Ciencia de Materiais                                | 20              | 14                      | 14                    | 13        |
| Ciencia e Tecnoloxía Química                        | 50              | 35                      | 29                    | 28        |
| Ciencias da Visión                                  | 6               | 2                       | 1                     | 1         |
| Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión              | 10              | 8                       | 5                     | 4         |
| Ciencias Odontolóxicas                              | 15              | 19                      | 15                    | 15        |
| Ciencias Sociais e Envellecemento                   | 4               | 6                       | 5                     | 4         |
| Comunicación e Información Contemporánea            | 15              | 35                      | 20                    | 15        |
| Dereito                                             | 15              | 49                      | 15                    | 15        |

|                                                                                       |    |    |    |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------|----|----|----|----|
| Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde                                      | 12 | 15 | 6  | 4  |
| Desenvolvemento Rexional e Integración Económica                                      | 10 | 25 | 10 | 10 |
| Economía e Empresa                                                                    | 25 | 79 | 28 | 25 |
| Educación                                                                             | 20 | 47 | 21 | 21 |
| Endocrinoloxía                                                                        | 15 | 19 | 15 | 13 |
| Energías Renovables e Sustentabilidade Enerxética                                     | 15 | 18 | 7  | 6  |
| Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil                                        | 15 | 12 | 8  | 7  |
| Enxeñaría Química e Ambiental                                                         | 15 | 14 | 10 | 9  |
| Enxeñaría Termodinámica de Flúidos                                                    | 2  | 3  | 0  | 0  |
| Epidemioloxía e Saúde Pública                                                         | 15 | 29 | 15 | 16 |
| Equidade e Innovación en Educación                                                    | 10 | 33 | 13 | 11 |
| Estatística e Investigación Operativa                                                 | 8  | 5  | 3  | 2  |
| Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe                         | 14 | 21 | 16 | 12 |
| Estudos da Literatura e da Cultura                                                    | 20 | 34 | 22 | 18 |
| Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura                         | 14 | 18 | 8  | 6  |
| Estudos Medievais                                                                     | 13 | 12 | 10 | 10 |
| Filosofía                                                                             | 10 | 18 | 10 | 9  |
| Física Nuclear e de Partículas                                                        | 30 | 15 | 14 | 13 |
| Historia Contemporánea                                                                | 20 | 16 | 9  | 8  |
| Historia, Xeografía e Historia da Arte                                                | 30 | 41 | 28 | 26 |
| Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias                                   | 15 | 7  | 5  | 5  |
| Investigación Agraria e Forestal                                                      | 20 | 11 | 11 | 9  |
| Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias                              | 12 | 7  | 6  | 6  |
| Investigación Clínica en Medicina                                                     | 30 | 61 | 30 | 30 |
| Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos                                       | 25 | 20 | 12 | 12 |
| Investigación en Tecnoloxías da Información                                           | 20 | 33 | 17 | 17 |
| Láser, Fotónica e Visión                                                              | 6  | 0  | 0  | 0  |
| Lingüística                                                                           | 12 | 24 | 13 | 11 |
| Lóxica e Filosofía da Ciencia                                                         | 6  | 1  | 1  | 1  |
| Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas              | 22 | 22 | 12 | 10 |
| Matemáticas                                                                           | 10 | 15 | 12 | 10 |
| Matemáticas e Aplicacións                                                             | 9  | 5  | 5  | 4  |
| Medicina e Sanidade Veterinaria                                                       | 16 | 12 | 10 | 10 |
| Medicina Molecular                                                                    | 40 | 53 | 38 | 37 |
| Medio Ambiente e Recursos Naturais                                                    | 20 | 13 | 6  | 5  |
| Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas           | 9  | 6  | 2  | 2  |
| Neurociencia e Psicoloxía Clínica                                                     | 18 | 25 | 16 | 13 |
| Procesos Psicológicos e Comportamento Social                                          | 10 | 11 | 3  | 3  |
| Protección do Patrimonio Cultural                                                     | 5  | 8  | 6  | 5  |
| Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario | 10 | 18 | 3  | 3  |
| Relacións Laborais e Recursos Humanos                                                 | 10 | 26 | 5  | 6  |
| Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia                                     | 6  | 3  | 3  | 3  |
| Turismo                                                                               | 10 | 12 | 7  | 7  |


## 2.2. NOVOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante o curso 2022/23 avanzouse na posta en marcha dun novo programa de doutoramento, que se ofertará no comezo do curso 2023/24:

- **Programa de Doutoramento en Didáctica das Ciencias Experimentais:** Programa Interuniversitario no que participan 14 universidades españolas: a Universidade Autónoma de Barcelona; a Universidade Complutense de Madrid; a Universidade de Alacante; a Universidade de Almería; a Universidade de Castilla-La Mancha; a Universidade de Cádiz; a Universidade de Córdoba; a Universidade de Girona; a Universidade de Xaén; a Universidade de Murcia; a Universidade de Málaga; a Universidade de Santiago de Compostela; a Universidade de Zaragoza e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea, sendo a Universidade de Murcia a institución coordinadora. A coordinadora do Programa é a profesora Isabel García-Rodeja Gayoso. A resolución positiva de posta en marcha do programa confirmouse coa resolución do 30 de maio de 2023 do Consello de Universidades sobre a verificación da memoria do programa.

## 2.3. ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO MATRICULADOS


No curso 2022/23 matriculáronse na USC 2.556 estudantes de doutoramento con matrícula ordinaria, máis 64 de estadía, o que fai un total de 2.620. Deste número, 568 estudantes son de novo ingreso. Confírmase un pequeno descenso continuado da matrícula nos programas de doutoramento, consecuencia do incremento experimentado na defensa das teses nos últimos anos e manténdose en termos similares a anos anteriores os estudantes de doutoramento de primeira matrícula ([Figura 1](#)).



**Figura 1.** Estudantes matriculados por curso académico.


Por ramas de coñecemento ([Figura 2](#)), as de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías son as que tiveron máis estudantado con matrícula ordinaria, con 826 e 644, respectivamente, mentres que as grandes áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (604) e Artes e Humanidades (482) experimentaron un moi leve descenso na súa matrícula respecto ao curso académico anterior, confirmando a tendencia observada. En relación

ao alumnado de primeira matrícula, novamente o máis numeroso é o das áreas de Ciencias da Saúde e Ciencias e Enxeñarías (167 e 148 respectivamente), mentres que Ciencias Sociais achegou 145 e Artes e Humanidades 107.



**Figura 2.** Estudiantado matriculado por curso e rama de coñecemento.

Por outra banda, a proporción de estudiantado de doutoramento estranxeiro continuou o seu avance superada a pandemia de COVID19, sumando xa 825 estudantes, 16 máis que no curso anterior, o que representa xa o 32,3 % do total do estudiantado de doutoramento matriculado. Isto converte a EDIUS no Centro con maior presenza deste tipo de estudiantado na USC. Tamén é moi positivo que a proporción de estudantes estranxeiros estea ben por enriba da media española, que é do 25 % aproximadamente<sup>1</sup>.




**Figura 3.** Procedencia dos estudantes de doutoramento matriculados.

<sup>1</sup> Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. UNIVBASE. Estadística de Tesis Doctorales (ETD) (2023). Recuperado de: <https://www.universidades.gob.es/estadistica-de-tesis-doctorales-etd/>

Entre o estudantado estranxeiro, o grupo máis numeroso é o orixinario de Portugal (151 estudantes), seguido do de Ecuador (74), Brasil (63), Colombia (45), México (44), Xordania (27), Italia (22) e China (22). O estudantado estranxeiro cursa sobre todo programas das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Ciencias e Enxeñaría. No primeiro caso, proceden fundamentalmente de Portugal e Iberoamérica mentres que no segundo a procedencia é máis diversa xa que depende das relacións e convenios internacionais dos programas de doutoramento.

Os datos do tipo de dedicación ([Figura 4](#)) do estudantado indican que no curso 2022/23 un 56,4 % deles realizaba os seus estudos de doutoramento a tempo completo (1.442 estudantes) e o 17,4 % a tempo parcial (445), mentres que o resto mantiña unha dedicación de tipo mixto (669, 26,2 %), situándose o tempo de duración promedio dos estudos de doutoramento en 4 anos e 5 meses. Vemos que este prazo se reduce lixeiramente respecto ao curso anterior. No cómputo está incluído o estudantado a tempo completo e parcial, de aí a duración relativamente longa para cursar con éxito os estudos de doutoramento.


Ademais, na Figura 4 pódese observar tamén un incremento neste curso académico no número de estudantes que nalgún momento tiveron dedicación a tempo parcial, probablemente consecuencia da activación dun novo proceso de extracción de datos que permite coñecer exactamente se un estudante desfrutou nalgún momento de dedicación a tempo parcial, contrariamente a como se obtiñan os datos previamente, case como unha “foto fixa” da dedicación dos estudantes de doutoramento.



**Figura 4.** Evolución da realización da tese a tempo completo e a tempo parcial.

## 2.4. TESES DE DOUTORAMENTO DEFENDIDAS

Desde o inicio do curso 2016/17 defendéronse na USC 1.913 teses de doutoramento. O seguinte gráfico representa a súa evolución e distribución por rama de coñecemento (Figura 5).



**Figura 5.** Teses defendidas por curso e rama de coñecemento.

No curso 2022/23 defendéronse 337 teses de doutoramento. As realizadas en modalidades especiais (en cotutela, con mención internacional ou mención industrial) supoñen o 40,1 % do total, sendo a maioría as que optan á mención internacional (131, 38,9 %). Estas experimentan un incremento de tres puntos respecto ao curso anterior. Asemade, as defensas das teses foron eminentemente en formato presencial, sendo 258 das 337 teses presentadas no curso 2022/23, o 76,6 % del total. Cómpre recordar, en todo caso, que a defensa non presencial mantense como alternativa para facilitar as configuracións e dispoñibilidade dos tribunais, e flexibilizar o acto de defensa en si mesmo.

Por outra banda, neste curso defendéronse catro teses con mención industrial. Tres na gran área de Ciencias e Enxeñarías e unha na de Ciencias Sociais e Xurídicas. Ademais, a Comisión Executiva da EDIUS deu o visto e praxe a nove solicitudes de doutoramento industrial, o que hai que valorar moi positivamente porque amosa o crecente interese do estudiantado por este tipo de tese. Entre as empresas coas que se asinaron convenios neste curso académico destacan ABCR Laboratorios, NanoGap Sub-nm-Powder, Galaria Empresa Pública de Servicios Sanitarios, MD.USE Innovations, Qubiotech Health Intelligence, etc.

## 2.5. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Neste curso académico 2022/23 convocáronse os premios extraordinarios de doutoramento correspondentes ao curso 2020/2021. Segundo a proposta definitiva aprobada no Consello de Goberno de 30 de marzo de 2023, para o curso 2020/21 concedéronse 34 premios co seguinte reparto: 11 na rama de Ciencias da Saúde, 11 na de Ciencias e Enxeñerías, 5 na de Artes e Humanidades, e 7 na de Ciencias Sociais e Xurídicas. A relación completa das persoas premiadas pode consultarse na nosa páxina web: <https://www.usc.gal/gl/centro/escola-doutoramento-internacional-usc/premio-extraordinario-doutoramento-20-21>

## 3. FORMACIÓN

### 3.1. ACTIVIDADES TRANSVERSAIS

A oferta de actividades transversais da EDIUS, tanto as xerais como aquelas máis dirixidas a unha gran área de coñecemento en concreto, enfócase para facilitar ao alumnado a adquisición das competencias, habilidades e destrezas necesarias para participar de xeito activo na sociedade do coñecemento e desenvolverse con éxito nun mercado de traballo complexo e cambiante.

Durante o curso académico 2022/2023 ampliouse significativamente a oferta de actividades transversais chegando ás 46, das cales 21 foron ofertadas por primeira vez neste curso, con máis de 500 horas de formación complementaria en todos os eidos. Ampliouse a formación ofertada coa inauguración dun novo módulo dedicado á adquisición de competencias relacionadas co emprego ([Táboas 2 e 3](#)).

Cabe destacar, por exemplo, as ‘Xornadas sobre Cultura Laboral en Investigación’, que son unha aposta da Escola de Doutoramento para dar visibilidade ao traballo de investigación que están a realizar as persoas doutorandas e doutoras da USC e doutras universidades galegas. Trátase de explorar unha nova fórmula para co-crear actividades que esperten o máximo interese e implicación de toda a comunidade educativa e formar un foro social crítico para dar a coñecer os aspectos laborais e os dereitos do sector de ciencia e investigación.

Ademais, a EDIUS organizou un curso para as persoas directoras de programas de doutoramento de todos os ámbitos para adquirir habilidades de cara a enfrontarse aos retos que supón a xestión de equipos, tratando de que coñezan ferramentas e habilidades para buscar a eficacia e o benestar relacional, apostando por un novo paradigma de liderado.

Cabe destacar tamén a presentación de EDIUS-Conecta, un novo programa que ten como obxectivo achegar ao estudantado e profesorado ferramentas de innovación e traballo en equipo que permitan competir nun contorno tan cambiante como o actual. EDIUS-Conecta desenvolveu ao longo deste curso académico tres das catro accións programadas na súa estrutura: “Hackathon Social-Tech”, un “Sprint de Innovación”, uns “Almorzos formativos con...”, pospoñéndose o desenvolvemento da acción “EDIUS Mentoring” para o vindeiro curso 2023/2024.

O “Hackathon Social-Tech” é un programa intensivo enfocado a adquirir novas habilidades de innovación e traballo en equipo dende un enfoque práctico e orientado á acción. Para isto, aplicáronse metodoloxías de innovación á resolución dun reto, de xeito colaborativo e a través do formato hackathon (termo que resulta da unión dos conceptos ‘maratón’ e ‘hacker’).

Por outra banda, o “Sprint de Innovación” organizado pola EDIUS pretendeu involucrar a persoas coordinadoras e estudantes de doutoramento na resolución dun reto empresarial real formulado por empresas ou administracións da súa contorna, contribuíndo así a impulsar a innovación, fomentar a transferencia de coñecemento e reforzar os vínculos da USC coa comunidade local.

Finalmente, a creación do programa “Almorzos formativos con...” xurdiu como punto de encontro para o profesorado, onde compartir experiencias e coñecer novas ferramentas e accións a través de profesionais en materia de innovación, transferencia, novas metodoloxías ou comunicación, manterse informado do que se está a facer noutras áreas, compartir tempo con profesionais do mesmo ámbito e estar ao día das metodoloxías e ferramentas de traballo en equipo e xestión de persoas.

Outra das novidades das actividades formativas deste curso académico foi a ampliación da formación en Innovación Social, que se caracteriza por crear novas combinacións con recursos existentes e traspasar fronteiras entre sectores en resposta ás debilidades dos sistemas institucionais (Mason et al, 2015)<sup>1</sup>. A EDIUS arranca este curso académico coa actividade ‘Senior Innovation Lab’, na que as persoas doutorandas compartirán espazo co alumnado doutros ciclos para dar resposta a un dos problemas máis importantes da nosa sociedade: o envellecemento da poboación.

---

<sup>1</sup> Mason, C., Barraket, J., Friel, S., O’Rourke, K., Stenta, C.-P. (2015). Social innovation for the promotion of health equity. *Health Promotion International* 30, 2, ii116–ii125. Recuperado de: <https://doi.org/10.1093/heapro/dav076>

**Táboa 2.** Actividades formativas transversais xerais ofertadas pola EDIUS durante o curso académico 2022/23 para os estudantes de doutoramento.

| ACTIVIDADES TRANSVERSAIS XERAIS                                                                 | Prazas ofertadas | Matriculados | Lista de agarda |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------|-----------------|
| <b>MÓDULO 1: Competencias en información e recursos</b>                                         |                  |              |                 |
| Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer                        | 50               | 50           | 9               |
| Deseño e preparación de presentacións                                                           | 20               | 20           | 1               |
| Como escribir un artigo científico                                                              | 100              | 59           | 0               |
| Ferramentas dixitais de apoio para desenvolver artigos científicos                              | 20               | 10           |                 |
| Becoming a Scientific Writer: Putting Why? Before How? 1ª Edición                               | 16               | 15           | 0               |
| Becoming a Scientific Writer: Putting Why? Before How? 2ª Edición                               | 16               | 16           | 5               |
| Creación de documentos con Látex                                                                | 100              | 14           | 0               |
| Competencias en información para a investigación. Nivel experto                                 | 35               | 35           | 9               |
| <b>MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo</b>                   |                  |              |                 |
| Estratexias e tácticas de comunicación coa xeración Z a través dos contidos televisivos de RTVE | 15               | 11           | 0               |
| Técnicas de expresión oral e xestual: Aplicación no ámbito académico                            | 20               | 20           | 18              |
| Three Minute Thesis: O pitch como ferramenta para unha comunicación científica eficaz           | 20               | 20           | 2               |
| Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese                                         | 20               | 20           | 4               |
| Español correcto e preparación de textos de investigación                                       | 100              | 26           | 0               |
| Deseño e edición de materiais para presentacións escritas                                       | 20               | 20           | 7               |
| <b>MÓDULO 3: Competencias en investigación, innovación e transferencia</b>                      |                  |              |                 |
| Como preparar unha carreira académica                                                           | 110              | 106          | 1               |
| Senior Innovation Lab                                                                           | 10               | 2            | 0               |
| As patentes como elemento de valor estratéxico: Ciencias e Enxeñarías                           | 20               | 8            | 0               |
| Propiedade industrial e transferencia de tecnoloxía                                             | 20               | 14           | 0               |
| Como preparar unha carreira académica                                                           | 50               | 41           | 0               |
| Como transferir a miña tese á sociedade? Formación en habilidades innovadoras                   | 20               | 11           | 0               |
| Sustentabilidade, Investigación e Cooperación Internacional. A propósito da axenda 2030         | 30               | 21           | 0               |
| Sprint de innovación EDIUS Conecta                                                              | 24               | 19           | 0               |
| <b>MÓDULO 4: Tratamento e modelización da información territorial</b>                           |                  |              |                 |
| Tecnoloxías de análise de información xeo-espacial para a investigación.                        | 20               | 18           | 0               |
| Análise e visualización de datos espaciais con R                                                | 20               | 20           | 15              |
| Introdución á xeoestatística en R                                                               | 20               | 19           | 6               |
| Introdución á análise espacial e á econometría espacial con R                                   | 25               | 25           | 1               |
| Introdución ao manexo de imaxes espaciais e sensores remotos e a súa aplicabilidade ambiental   | 20               | 13           | 0               |

| <b>MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización</b>                                                                                                      |    |    |    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|----|----|
| <b>Bloque Básico</b>                                                                                                                                                  |    |    |    |
| Introdución a R, estatística e visualización                                                                                                                          | 20 | 19 | 6  |
| Introdución á análise de redes utilizando R. Aplicación á epidemioloxía veterinaria                                                                                   | 15 | 6  | 0  |
| Estatística científica cos algoritmos de R                                                                                                                            | 20 | 6  | 0  |
| Introdución á regresión                                                                                                                                               | 20 | 13 | 0  |
| Introdución á programación de análises empíricos con R                                                                                                                | 30 | 30 | 26 |
| Introdución a Data Science. Conceptos básicos e aplicación do fluxo de traballo para a investigación doutoral                                                         | 20 | 19 | 4  |
| <b>Bases de datos</b>                                                                                                                                                 |    |    |    |
| Base de datos relacionais e non relacionais para investigación en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas                                                   | 20 | 14 | 0  |
| <b>MÓDULO 6: Competencias en perspectiva de xénero, ética e igualdade na I+D+i</b>                                                                                    |    |    |    |
| A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO INICIAL: O concepto de xénero e o seu valor na investigación actual na investigación                        | 20 | 19 | 0  |
| A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO MEDIO: A perspectiva de xénero nas ciencias naturais e nas tecnoloxías                                      | 20 | 8  | 0  |
| A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO MEDIO: A perspectiva de xénero nas ciencias sociais e humanas                                               | 20 | 15 | 0  |
| A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento. CURSO AVANZADO: Doutorarse con perspectiva de xénero                                                              | 20 | 7  | 0  |
| Coñecemos o “Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC”: achegamento, análise, acompañamento e reflexións | 30 | 6  | 0  |
| A integridade e a ética na investigación                                                                                                                              | 40 | 31 | 0  |
| Xornadas Cultura Laboral en Investigación                                                                                                                             | 60 | 57 | 8  |
| <b>MÓDULO 7: Competencias para a empregabilidade</b>                                                                                                                  |    |    |    |
| Personal Branding                                                                                                                                                     | 20 | 8  | 0  |

Entre as actividades formativas sectoriais atópanse actividades específicas anteriormente realizadas por algún programa de doutoramento para o seu estudantado e que despertaron un elevado interese no doutros programas, polo que se decidiu ofertalas tamén desde a EDIUS para todo o estudantado dunha determinada gran área de coñecemento.

**Táboa 3.** Actividades formativas transversais sectoriais ofertadas pola EDIUS durante o curso 2022/23 para o seu alumnado.

| CIENCIAS E ENXEÑARÍAS                                                                                    | Prazas ofertadas | Matriculados | Lista de agarda |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------|-----------------|
| <b>MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias e Enxeñarías</b>                                        |                  |              |                 |
| Seminario de Matemática Aplicada: An overarching framework for spectral methods and dispersive equations | ND               | ND           | ND              |
| Seminario de Matemática Aplicada: Invariant domain preserving ALE approximation of Euler equations       | ND               | ND           | ND              |
| Utilización de Python para a creación de modelos de clasificación e regresión                            | ND               | ND           | ND              |
| Jornada de Encuentro de Estudiantes en el PD MMSNICA                                                     | ND               | ND           | ND              |

|                                                                                                                                                                       |                         |                     |                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|---------------------|------------------------|
| Seminario de Matemática Aplicada: Modelización matemática para simular epidemias usando datos reales                                                                  | ND                      | ND                  | ND                     |
| Charla Temática: Desarrollo de nuevas herramientas moleculares útiles en la monitorización de la presencia de genes de resistencia a antibióticos en aguas residuales | ND                      | ND                  | ND                     |
| Seminario de Matemática Aplicada: High order Lagrange-Galerkin methods for the conservative formulation of the advection-diffusion equation                           | ND                      | ND                  | ND                     |
| Seminario de Matemática Aplicada: Algunos ejemplos de modelos en fluidos obtenidos utilizando el método de desarrollos asintóticos                                    | ND                      | ND                  | ND                     |
| <b>CIENCIAS DA SAÚDE</b>                                                                                                                                              | <b>Prazas ofertadas</b> | <b>Matriculados</b> | <b>Lista de agarda</b> |
| <b>MÓDULO: Seminarios e conferencias de Ciencias da Saúde</b>                                                                                                         |                         |                     |                        |
| Xornada de Intelixencia Artificial e Neurociencia                                                                                                                     | ND                      | ND                  | ND                     |
| Natural compounds for enhancing memory and antioxidant application in neurodegenerative disorders: mechanistic approach                                               | ND                      | ND                  | ND                     |
| <b>ARTES E HUMANIDADES - CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS</b>                                                                                                             | <b>Prazas ofertadas</b> | <b>Matriculados</b> | <b>Lista de agarda</b> |
| <b>MÓDULO 2: Competencias en comunicación, divulgación e xestión do tempo</b>                                                                                         |                         |                     |                        |
| Redacción científica: aspectos estilísticos, editoriais e de propiedade intelectual                                                                                   | 42                      | 42                  | 0                      |
| Research and Getting it Published                                                                                                                                     | 20                      | 20                  | 7                      |
| Socimetría: A Análise de Redes Sociais como unha técnica diferente para realizar investigacións                                                                       | 23                      | 21                  | 2                      |
| <b>MÓDULO 5: Competencias en análise de datos e modelización</b>                                                                                                      |                         |                     |                        |
| Investigación cualitativa con el software de análisis de datos ATLAS.ti                                                                                               | 22                      | 21                  | 1                      |

ND: Non dispoñible

Durante este curso académico 2022/2023 a EDIUS tamén seguiu a ofertar un pequeno número de actividades de formación destinadas ao profesorado dos programas de doutoramento (ver [Táboa 4](#)) e, en particular, para persoas titoras e directoras de tese, focalizadas en aspectos asociados á xestión dos recursos e equipos de traballo, e á innovación na investigación de doutoramento.

**Táboa 4.** Actividades formativas ofertadas pola EDIUS durante o curso 2022/2023 para o profesorado dos programas de doutoramento.

| <b>ACTIVIDADES FORMATIVAS<br/>PARA PROFESORADO DOS PROGRAMAS</b> | <b>Prazas<br/>ofertadas</b> | <b>Matriculados</b> | <b>Lista de<br/>agarda</b> |
|------------------------------------------------------------------|-----------------------------|---------------------|----------------------------|
| Sprint de innovación EDIUS Conecta                               | 24                          | 19                  | 0                          |
| Almorzos formativos                                              | 60                          | 45                  | 0                          |

En total, para as actividades formativas nas que foi necesario realizar un proceso oficial de matrícula ofertáronse un total de 1.483 prazas, unha cifra lixeiramente inferior á do curso pasado tras a análise da oferta, e cubríronse 1.051, o que supón unha participación do 70,9 %, practicamente idéntica á do curso anterior 2021/2022. É importante tamén salientar que todas as actividades ofertadas son gratuítas para o estudiantado de doutoramento, xa que son financiadas co orzamento da EDIUS.

### 3.2. X ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

A X edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) celebrouse os días 12 e 13 de xuño na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, en modalidade presencial. Neste Encontro aumentou a participación ata 232 estudantes de doutoramento das tres universidades galegas e pertencentes a todos os ámbitos de coñecemento, o que supuxo un incremento do 211 % respecto a edición anterior. Contouse, ademais, cunha importante participación de alumnado estranxeiro que leva a cabo os seus estudos na USC. Presentáronse un total de 139 comunicacións orais e 40 comunicacións tipo póster, e concedéronse catro premios ás mellores comunicacións orais, máis outros dous ás mellores comunicacións tipo póster.

### 3.3. CONCURSO DE TESES EN 3 MINUTOS (3MT)

A EDIUS puxo en marcha a segunda edición do Three Minute Thesis (3MT®), o concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas de coñecemento. Iniciado pola Universidade de Queensland en 2008, este certame cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes.

En particular, esta competición reta ao estudiantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo que teñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

19 estudantes de doutoramento da USC enviaron os seus vídeos para participar neste certame: 11 de Ciencias da Saúde, 5 de Ciencias Sociais e Xurídicas, 2 de Ciencias e Enxeñarías e 1 de Artes e Humanidades. A selección dos vídeos finalistas estivo a cargo dun comité académico conformado polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS (Prof. Dolores Vilavedra Fernández, Prof. Eugenio Vázquez Sentís; Prof. José Manuel Cifuentes Martínez e Prof. José Miguel Túñez López) e por dous profesores da USC (Profs. Marta Rodríguez Castro e Roi Méndez Fernández). Este comité elixiu aos 11 finalistas que concorreron a unha Gran Final celebrada o día 14 de xuño. Os cinco Premios de Excelencia de Divulgación Científica, un por cada grande área, foron adxudicados a:

- Ciencias da Saúde: **Silvia Aranda García**, do Programa de doutoramento en Investigación Clínica en Medicina; e **Uxía Yáñez Ramil**, do Programa de doutoramento en Medicina e Sanidade Veterinaria.

- Ciencias e Enxeñerías: **Angela Arnosa Prieto**, do Programa de doutoramento en Ciencia de Materiais.
- Ciencias Sociais e Xurídicas: **Rocío de Pilar Sosa Fernández**, do Programa de doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea.
- Artes e Humanidades: **Xosé Ramón Cisneros Pérez**, do Programa de doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte.

A EDIUS premiou ás persoas doutorandas gañadoras cun cheque por valor de 250€ e uns auriculares inalámbricos.

### 3.4. CONCURSO “A TÚA TESE NUN FÍO DE TWITTER”

Un ano máis, a USC organizou unha nova edición do concurso ‘*A túa tese de doutoramento nun fío de Twitter: #HiloTesis*’, unha proposta da Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), xunto coa Fundación Ignacio Larramendi. Esta iniciativa ten como obxectivo promover a actividade divulgadora entre o estudiantado de doutoramento mediante a difusión da tese de doutoramento nun fío de non máis de 20 tuits coas limitacións e posibilidades que ofrece esta rede social. Esta iniciativa quere promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores e doutoras. O obxectivo é que aqueles investigadores ou investigadoras en formación, tanto se finalizaron o traballo de doutoramento nos últimos 6 meses como se o están aínda a desenvolver, poidan contar á sociedade o que fan, como o fan e por que. Para iso, propónse a elaboración dun fío en *Twitter* adaptando o contido da tese a unha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

O concurso celebrouse entre os días 1 e 30 de maio de 2023 e contou coa participación de 10 estudantes de doutoramento da USC, quen presentaron as súas propostas. O xurado da universidade compostelá, composto polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores dos programas de doutoramento, tivo que elixir un dos fíos de Twitter para enviar á fase nacional. A decisión final foi adoptada por unanimidade. O chío gañador foi o de Silvia Aranda García (@silviaaranda46), do programa de doutoramento en Investigación Clínica e Medicina, sobre a súa tese titulada “Telasistencia e teleformación audiovisual en emerxencias a través de lentes intelixentes”. O fío finalista da USC foi enviado á organización nacional para a súa avaliación polo xurado proposto por RedDivulga, integrado por cinco membros –un deles experto en comunicación– e un representante da Fundación Ignacio Larramendi.

A CRUE anunciou a través da súa conta de Twitter o fallo do xurado desta terceira edición do concurso de divulgación científica, na que resultaron gañadores tres estudantes das universidades Autónoma de Madrid, Vigo e Castilla-La Mancha. En concreto, Vanesa Sanz Llorens, da Universidade de Vigo, presentou un fío ecolóxico sobre “Protección

medioambiental a través de la conversión de basura en gelatina”. Tamara Esquivel Martín, estudiante da Universidad Autónoma de Madrid, foi outra das gañadoras co seu fío titulado “La brecha entre investigación educativa y praxis docente real en las aulas de Biología de ESO y Bachillerato”. Finalmente, José Javier Paulet González, da Universidad de Castilla-La Mancha, sorprendeu co seu fío “Computación cuántica aplicada a problemas de búsqueda”.

## 4. DIFUSIÓN, COMUNICACIÓN E TRANSPARENCIA

No relativo á información pública e transparencia, a Escola de Doutoramento continuou na liña de mellora da comunicación, tanto interna como externa, así como na de establecer unha total transparencia nos seus procedementos e actuacións. No curso académico 2022/23 desenvolvéronse, en particular, as seguintes actuacións:

### 4.1. BOLETÍN ELECTRÓNICO DA EDIUS

Ao longo do curso académico 2022/23 continuou a elaboración e publicación do [nEDIUS](#), o boletín electrónico da Escola (11 números).

### 4.2. MANTEMENTO DO LINKEDIN DA EDIUS

No curso 2022/23 mantívose este perfil na rede social [LinkedIn](#), publicando material e información de utilidade sobre os estudos de doutoramento na USC e todas as actividades da EDIUS realizadas ao longo deste curso académico.

### 4.3. ACTUALIZACIÓN DO SITIO WEB DA ESCOLA

Durante este curso académico continuouse coa actualización e mellora do sitio web da [EDIUS](#) a nivel de contidos, ampliando a información dispoñible sobre as actividades formativas, bolsas, recompilación de normativa, etc.

En canto á información dos programas de doutoramento, entrou finalmente en funcionamento o novo espazo de intranet para todos os programas de doutoramento. As intranets, a modo de espazos web accesible para o PDI e as persoas doutorandas, permitirán aos programas ofrecer unha información máis completa que a que figura nas páxinas web propias. Este sitio web interno está orientado ao grupo de usuarios con vinculación directa ao programa de doutoramento. Asemade, tamén se elaborou un modelo de formato para a elaboración das páxinas propias dos programas nesta intranet da Escola.

#### 4.4. COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL

A EDIUS continuou na liña de mellora da información e comunicación pública, potenciando a difusión da información institucional, aparte de polas canles máis clásicas (sitio web da EDIUS e listas de distribución), tamén empregando as redes sociais da EDIUS así como o boletín electrónico. Ademais, seguiu a traballar na mellora da organización da información pública dispoñible no sitio web da EDIUS.

### 5. INTERNACIONALIZACIÓN E MOBILIDADE

#### 5.1. DATOS DA INTERNACIONALIZACIÓN DA EDIUS

A EDIUS continúa desenvolvendo un intenso labor para favorecer a internacionalización dos estudos de doutoramento, un dos seus obxectivos principais. Isto reflíctese, en primeiro lugar, no xa comentado aumento do número de estudantes procedentes de países estranxeiros ([Figura 3](#)).

Esta crecente internacionalización da Escola tamén se reflicte no incremento do número de persoas investigadoras estranxeiras que dirixen teses ou que forman parte dos tribunais para a súa defensa ([Táboa 5](#)).

**Táboa 5.** Evolución do número de persoas directoras de teses e de persoal experto do estranxeiro en tribunais de teses.

| Curso académico | Persoas directoras de teses <sup>1</sup> | % Persoas directoras de tese estranxeiras | Persoas expertas estranxeiras | % Persoas expertas estranxeiras <sup>2</sup> |
|-----------------|------------------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------------|----------------------------------------------|
| 2016/17         | 345                                      | 7,25                                      | 65                            | 18,2                                         |
| 2017/18         | 478                                      | 7,74                                      | 117                           | 18,7                                         |
| 2018/19         | 727                                      | 8,94                                      | 174                           | 19,5                                         |
| 2019/20         | 1008                                     | 9,03                                      | 121                           | 15,5                                         |
| 2020/21         | 1267                                     | 9,39                                      | 176                           | 17,8                                         |
| 2021/22         | 1564                                     | 11,06                                     | 179                           | 16,6                                         |
| 2022/23         | 1562                                     | 12,93                                     | 191                           | 18,9                                         |

<sup>1</sup>Calculado sen considerar se se dirixe a máis dunha persoa doutoranda.

<sup>2</sup>Calculado sobre o número total de membros de tribunais.

Outro elemento básico de promoción da internacionalización son as teses en cotutela. Desafortunadamente, neste curso 2022/2023 non se defendeu ningunha tese nesta modalidade, o que supón un claro retroceso respecto a cursos anteriores. A Táboa 6 amosa a evolución do número de teses defendidas na modalidade de cotutela desde o curso 2016/2017.

**Táboa 6.** Teses en cotutela defendidas na USC.

| Curso   | Total | Artes e Humanidades | Ciencias da Saúde | Ciencias Sociais e Xurídicas | Ciencias Experimentais e Enxeñarías |
|---------|-------|---------------------|-------------------|------------------------------|-------------------------------------|
| 2016/17 | 0     | 0                   | 0                 | 0                            | 0                                   |
| 2017/18 | 2     | 0                   | 2                 | 0                            | 0                                   |
| 2018/19 | 2     | 1                   | 1                 | 0                            | 0                                   |
| 2019/20 | 2     | 1                   | 1                 | 0                            | 0                                   |
| 2020/21 | 8     | 1                   | 3                 | 0                            | 4                                   |
| 2021/22 | 5     | 3                   | 0                 | 2                            | 0                                   |
| 2022/23 | 0     | 0                   | 0                 | 0                            | 0                                   |

A realización de estadías en centros de investigación estranxeiros é outra importante vía de internacionalización para a EDIUS. Por iso paga a pena salientar o aumento notable das teses con mención internacional no título de doutor ([Táboa 7](#)). Como é coñecido, para conseguir esta mención as persoas doutorandas deben realizar unha estancia mínima de tres meses fóra de España, nunha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio, cursando estudos ou realizando traballos de investigación. Ademais, a tese deberá ser informada por un mínimo de dous expertos de institucións académicas non españolas e deberá contar con algún membro experto estranxeiro no tribunal que a xulgue.

Neste curso académico experimentouse un incremento significativo nas teses con mención internacional en todas as grandes áreas de coñecemento, agás na de Ciencias Sociais e Xurídicas, sendo especialmente relevante na área de Ciencias e Enxeñarías.

**Táboa 7.** Teses con mención internacional defendidas na USC.

| Curso   | Total | Artes e Humanidades | Ciencias da Saúde | Ciencias Sociais e Xurídicas | Ciencias Experimentais e Enxeñarías |
|---------|-------|---------------------|-------------------|------------------------------|-------------------------------------|
| 2016/17 | 44    | 7                   | 10                | 8                            | 18                                  |
| 2017/18 | 77    | 9                   | 21                | 8                            | 39                                  |
| 2018/19 | 100   | 15                  | 21                | 14                           | 50                                  |
| 2019/20 | 107   | 28                  | 26                | 13                           | 40                                  |
| 2020/21 | 105   | 18                  | 32                | 18                           | 37                                  |
| 2021/22 | 123   | 20                  | 35                | 17                           | 51                                  |
| 2022/23 | 131   | 24                  | 42                | 14                           | 51                                  |

## 5.2. CONVOCATORIAS DE MOBILIDADE

En maio de 2023 convocáronse as bolsas de mobilidade para estudos de doutoramento ao abeiro do Programa Erasmus+ International Credit Mobility KA171 (en diante Erasmus+ KA171) a partir do segundo semestre do curso 2022-2023 até o 2024-2025. Esta convocatoria vai dirixida ás persoas matriculadas en programas de doutoramento da USC. A finalidade das bolsas é ofrecer ao alumnado de doutoramento da universidade

compostelá a posibilidade de realizar estadias de investigación nas universidades participantes no Programa Erasmus+ KA171 coas que a USC ten subscrito o correspondente convenio.

Ao abeiro deste Programa, a USC recibiu neste curso académico 2022/23 a 30 estudantes de doutoramento de países como Ucraína, Siria, Líbano, Tunicia, Marrocos, Alxeria, Senegal, Moldavia, Xeorxia, Malaisia, Colombia, Bosnia, India ou Exipto. Ademais, tres estudantes da USC fixeron estadia en Xapón, Nova Zelandia e Líbano.

Por outra banda, neste curso 2022/23 convocáronse tamén as bolsas de mobilidade dentro de Programa Erasmus+ (KA131) para o estudiantado de doutoramento da USC para a realización de estadias en países da Unión Europea e asociados, durante o curso académico 2022/23 e cunha duración de ata un máximo de 12 meses. Neste curso académico, seis estudantes da USC fixeron estadias de investigación dunha duración de entre dous e cinco meses en países como Francia, Hungría, Italia, Alemaña e Noruega.

Na convocatoria 2022-2023 para estadias de investigación e de prácticas ao abeiro do Programa Iacobus de cooperación e intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensinanza superior da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal - Profesores; Investigadores; Persoal de Administración e Servizos (PAS). Concedéronse 12 axudas a estudantes da USC para facer estadias en institucións educativas e centros de investigación de Portugal, mentres que a USC recibiu a dous estudantes de doutoramento portugueses.

Outros programas de mobilidade aos que se presentaron estudantes de doutoramento da USC para realizar estadias no estranxeiro foron, por exemplo, as axudas de mobilidade da Embaixada de Francia

Ademais, realizouse por parte da EDIUS a segunda convocatoria das bolsas Fundación José Otero-Carmela Martínez, financiadas por esta fundación. Na primeira convocatoria, un total de 28 persoas doutorandas da USC beneficiáronse neste curso académico destas becas que pretenden axudar ao estudiantado con menos recursos económicos, ou nunha situación persoal e familiar de gravidade en función dos indicadores de vulnerabilidade e risco de exclusión social. O importe das axudas oscilou entre os 1.000 € e os 3.000 €.

Por outra banda, dentro do convenio asinado entre a USC e a Fundación Carolina, unha estudante guatemalteca acadou unha das 35 becas que a devandita fundación outorga para desenvolver os estudos de doutoramento en universidades españolas. Esta estudante comezou o seu doutoramento na USC en setembro de 2023.

Estas e outras convocatorias de mobilidade, de curta e longa duración, explícanse no apartado do sitio web da Escola sobre [Convocatorias e axudas](#).

## 6. NORMATIVA

Neste curso 2022/2023 producíronse as seguintes incorporacións e actualizacións de diversos aspectos normativos:

### 6.1. LEI ORGÁNICA DO SISTEMA UNIVERSITARIO (LOSU)

O 12 de abril entrou en vigor a nova Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU), na que hai algúns aspectos que afectan directamente aos estudos de doutoramento.

Entre as cuestións que aborda, a LOSU recolle que as universidades incentivarán os doutoramentos en cotutela internacional e ínstase ás administracións públicas a eliminar os obstáculos á atracción de talento internacional, “axilizando e facilitando os procedementos de recoñecemento e homologación de títulos, de admisión nas universidades ou de carácter migratorio”.

A LOSU fai referencia tamén ao persoal investigador recollendo a necesidade de incrementar o financiamento das entidades universitarias para investigación. Ademais, o texto indica a posibilidade de que as universidades creen centros no estranxeiro. Tamén reforza o concepto de ciencia aberta e de ciencia cidadán. Neste aspecto, a LOSU “indica a necesidade de que as publicacións científicas formen parte dun repositorio institucional de cada universidade, no que se recollan as teses e outros artigos científicos relacionados coa investigación”. No caso da USC, xa está funcionando o repositorio Minerva. Finalmente, esta lei elimina a necesidade da acreditación para acceder a unha praza de Profesor Axudante Doutor.

### 6.2. MODIFICACIÓN DO RD 99/2011 POLO QUE SE REGULAN AS ENSINANZAS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO

O 19 de xullo de 2023 entrou en vigor o Real Decreto 576/2023, do 4 de xullo, polo que se modifican o Real Decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, que regula as ensINANZAS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO; o Real Decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais; e o Real Decreto 641/2021, do 27 de xullo, polo que se regula a concesión directa de subvencións a universidades públicas españolas para a modernización e dixitalización do sistema universitario español no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A modificación do RD 99/2011 a través do RD 576/2023 implicou certos cambios de importancia tanto en aspectos académicos como de xestión dos estudos de doutoramento. Así, os cambios principais están relacionados con:

- Cambio/adaptación da duración dos estudos de doutoramento, pasando a catro anos cando a dedicación é a tempo completo e a sete cando a dedicación é a tempo parcial, con posibilidade dun ano adicional de prórroga en ambos casos. A duración dos estudos pode incrementarse ata os seis e nove anos, respectivamente, se a persoa conta cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- Consideración das persoas doutorandas como persoal investigador en formación.
- Definición de experiencia investigadora acreditada para poder dirixir teses de doutoramento, en concreto, necesidade de posuír o recoñecemento dun tramo de actividade investigadora (sexenio) pola CNAAI ou méritos equivalentes.
- Incorporación da necesidade de elaboración e presentación dun plan de formación persoal ademais do plan de investigación.
- Máis acompañamento e asesoramento por parte das persoas directoras.
- Incremento das casuísticas que permitan a suspensión de estudos (violencia de xénero, risco durante o embarazo ou xactancia, adopción, acollemento...).
- Restrición para o nomeamento de terceiros directores. Será autorizado exclusivamente cando concorran razóns de interdisciplinarietà temática da tese.
- Esixencia de dous informes de persoas doutoras externas con experiencia na temática da tese.
- O tribunal da tese ten que estar composto por unha maioría de membros externos á Universidade e o programa de doutoramento, e cunha composición equilibrada de homes e mulleres.
- Elaboración dun novo artigo sobre Premios Extraordinarios de doutoramento.
- Incorporación da posibilidade de realizar a acreditación institucional por parte das escolas de doutoramento, o que implica directamente o seu recoñecemento como centros docentes.
- Cambios nos requisitos de acceso aos estudos de doutoramento, cunha clara distinción entre estudantes do EEES e non-EEES:
  - Españóis: 300 ECTS e nivel Mec 3
  - EEES: Nivel 7 do Marco Europeo de Cualificacións e acceso ao doutoramento no país de expedición títulos
  - Non-EEES: Equivalencia e acceso ao doutoramento no país de expedición títulos
- Cambios nos requisitos para o concesión da mención internacional. Permítese o desenvolvemento de estadías partidas, cunha duración non inferior a sete días, e polo menos unha estadía de duración superior a un mes.

- Cambios nas teses en cotutela:
  - Poderá facerse unha tese en cotutela con máis dunha universidade estranxeira.
  - Para optar a mención internacional, a/s estadía/s non poderá/n realizarse en ningunha das institucións estranxeiras asinantes do convenio.
- Cambios nos requisitos para a obtención da mención industrial:
  - A contratación coa empresa terá unha duración mínima dun ano.
  - A tese ten que ser realizada na súa maior parte na entidade, empresa ou administración pública.
  - O convenio Universidade-empresa pasa a ser obrigatorio en todos os casos.
- Obrigatoriedade da presenza de representación estudantil nos comités de dirección das escolas de doutoramento.
- Posibilidade de título electrónico para títulos do programa Universidade Europeas no grao, mestrado e doutoramento.

Estes cambios afectan ao estudantado de doutoramento que inicie os seus estudos de doutoramento no curso 2023/24. Ademais, a regulación correspondente ao réxime relativo a tribunais, defensa e avaliación da teses de doutoramento afectará a todo o estudantado de doutoramento a partir do curso académico 2024/25.

## 7. RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

### 7.1. XORNADAS DE BENVIDA AO ALUMNADO

Neste curso 2022/23 celebráronse dúas xornadas de benvida e información ao estudantado de doutoramento tras finalizar os prazos de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento.

A primeira xornada tivo lugar o 25 de outubro de 2022 e a segunda o 21 de marzo de 2023 en formato presencial no edificio CIEDUS no Parque de Vista Alegre, con posibilidade de conexión vía plataforma TEAMS para o estudantado que non podía asistir en persoa. Nestas sesións, ademais de presentar a estrutura organizativa e funcións da EDIUS, fíxose un repaso dos trámites académico-administrativos que as persoas doutorandas deben realizar ao longo do proceso de elaboración da súa tese. Achegouse información relacionada cos tipos de teses, prazos para a súa presentación, o papel das persoas directoras e titoras, etc.

Ademais, aclaráronse todas as dúbidas expresadas polas persoas participantes sobre diversos procedementos e actividades académicas.



## 7.2. ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

O reitor da USC, Antonio López, fixo entrega de diplomas ás persoas que este curso académico foron recoñecidas co Premio Extraordinario de Doutoramento 2020-2021. O acto tivo lugar o martes 13 de xuño de 2023 durante a clausura do X Encontro da Mocidade Investigadora, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus compostelán.

Un total de 34 persoas recibiron este premio nun acto presidido polo reitor da USC, Antonio López Díaz; o director da EDIUS, Pablo Taboada Antelo; e a vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, María José López Couso.

É a primeira vez que estes galardóns se entregan de xeito oficial na USC. O Reitor indicou que este ano quíxose “poñer en valor a quen demostra a excelencia no seu traballo”. Antonio López lembrou que preto de 2.600 persoas están matriculadas na Escola Internacional de Doutoramento da USC, cunha media de máis de 300 teses presentadas cada ano. Por iso, comprometeuse a “institucionalizar este recoñecemento para facelo visible”.

## 7.3. XUNTANZAS CON OUTRAS INSTANCIAS UNIVERSITARIAS

A imaxe institucional da EDIUS seguiu a fomentarse en todos os actos nos que participou o equipo de dirección. Este, representado polo seu director, subdirectore/as e secretaria, mantivo reunións semanais coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización onde se despacharon todas as cuestións relacionadas cos estudos de doutoramento, así como con outros membros do Equipo de Goberno da Universidade, tales como o Reitor, o Vicerreitor de Política Científica, o Adxunto de Calidade, a Adxunta de Internacionalización, Secretaria Xeral, etc., tratando diversos temas de interese para a Escola nos ámbitos dos respectivos vicerreitorados.

#### 7.4. XUNTANZAS E XORNADAS CO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO

Durante este curso académico continuou potenciándose o contacto e a relación co estudantado de doutoramento por medio de diversas xuntanzas entre a dirección da EDIUS e os representantes das persoas doutorandas nas que se trataron diversas cuestións como a mellora da supervisión e as relacións persoa doutoranda/persoa directora, o estrés ao que están sometidos parte do estudantado, a mellora da oferta formativa transversal organizada pola EDIUS, potenciais novas axudas para estadías e congresos, etc.

Asemade, realizouse unha xornada de información/formación sobre as distintas tipoloxías de teses, os requisitos e estrutura formal de cada unha delas, como xestionar os permisos dos coautores e das editoriais para a reprodución de artigos e figuras, etc., cuestións que presentan dúbidas a unha parte significativa das persoas doutorandas no momento de elaborar a súa tese.

#### 7.5. XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA EDIUS

O Comité de dirección da EDIUS, máximo órgano de goberno da Escola de Doutoramento, foi convocado durante o curso 2021/22 nas datas seguintes:

- 18 de xaneiro de 2023
- 8 de xuño de 2023

A Comisión de Calidade reuniuse nas seguintes datas:

- 13 de setembro de 2022
- 27 de outubro de 2022
- 17 de xaneiro de 2023
- 13 de febreiro de 2023
- 14 de xuño de 2023

Finalmente, a Comisión Executiva da Escola, como órgano encargado de resolver as cuestións de trámite académico e administrativo, mantivo as seguintes xuntanzas:

- 8 de setembro de 2022
- 22 de setembro de 2022
- 5 de outubro de 2022
- 13 de outubro de 2022
- 17 de outubro de 2022
- 31 de outubro de 2022
- 18 de novembro de 2022
- 2 de decembro de 2022
- 19 de decembro de 2022
- 13 de xaneiro de 2023
- 26 de xaneiro de 2023
- 10 de febreiro de 2023
- 17 de febreiro de 2023
- 24 de febreiro de 2023
- 10 de marzo de 2023
- 24 de marzo de 2023
- 14 de abril de 2023
- 28 de abril de 2023
- 12 de maio de 2023
- 25 de maio de 2023
- 9 de xuño de 2023
- 23 de xuño de 2023
- 7 de xullo de 2023
- 26 de xullo de 2023

## 7.6. CONFERENCIA DE DIRECTORES DE ESCUELAS DE DOCTORADO (CDED)

A Conferencia de Directores de Escolas de Doutoramento (CDED), creada en 2013, ten como obxectivo principal a mellora da calidade dos estudos de doutoramento, para o que promove diversas actividades cada ano. Á X Conferencia anual que se celebrou na Universidade de Barcelona os días 20 e 21 de outubro de 2022 asistiron o Director e a Xefa de sección da EDIUS. Os temas a discutir nesta Conferencia centráronse na carreira profesional investigadora, a internacionalización do doutoramento, a calidade das Escolas de Doutoramento, cuestións éticas, benestar emocional das persoas doutorandas e a Ciencia Aberta.

## 7.7. RELACIÓN CON EMPRESAS

### 7.7.1. CONVOCATORIA AUTONÓMICA DE DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

A realización de doutoramentos industriais é unha excelente vía para fomentar as relacións coas empresas, para o que é preciso que a persoa doutoranda participe nun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental nunha empresa ou Entidade Pública na que ten que estar contratado e coa que, a miúdo, hai que firmar un convenio.

Para dar cobertura a esta tipoloxía de tese, no DOG do 4 de outubro de 2022 publicouse a primeira convocatoria autonómica de doutoramentos industriais por parte da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Nesta convocatoria concedéronse de novo 15 axudas das cales nove corresponderon á USC, unha á Universidade de Vigo e cinco á Universidade da Coruña, o que pon de manifesto o éxito da convocatoria na nosa institución e a importante conexión desta co tecido industrial galego.

## 8. ELECCIÓN DE CARGOS, PROCESOS ELECTORAIS E TRANSPARENCIA

O Prof. José Manuel Cifuentes Martínez foi nomeado o 15 de outubro de 2022 como novo subdirector da Sección de Ciencias da Saúde en substitución do Prof. Juan Bautista Zalvide Torrente, que presentou a súa renuncia tras ser elixido Director do Departamento de Fisioloxía.

Por outra banda, o 27 de marzo de 2023 publicouse a convocatoria de eleccións de representantes no Comité de Dirección da Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS) dos seguintes sectores:

- Persoal docente e investigador vencellado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Estudantado matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS.
- Persoal de administración de servizos que desenvolve a súa actividade na EDIUS.

A votación tivo lugar o 16 de maio de 2023, en horario ininterrompido, desde as 9:00 até as 19:00 horas a través dun sistema de emisión de votos electrónicos dende un dispositivo conectado a internet até unha urna dixital remota situada nun recinto protexido baixo a custodia da Comisión Electoral Central da USC.

En total foron elixidas 33 persoas, 8 membros do persoal docente e investigador, 22 representantes do estudantado de doutoramento e 1 do persoal de administración.

#### REPRESENTANTES DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR:

##### Sección Artes e Humanidades

- María del Carmen Villarino Pardo
- María Teresa Fanego Lema

##### Sección Ciencias da Saúde

- Marcos Pazos Couselo
- Jesús Pino Mínguez

##### Sección Ciencias e Enxeñarías

- Gerardo Prieto Estévez
- Miguel Vázquez López

##### Ciencias Sociais e Xurídicas

- María da Alba Nogueira López
- María del Carmen Sánchez Carreira

#### REPRESENTANTES DOS ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO:

##### Sección Artes e Humanidades

- XAQUÍN BERMELLO COROMINAS
- DAVID FERRÓN LEA
- MIGUEL GUI SANTES ALONSO
- NOELIA PÉREZ MARTÍNEZ
- PAULA GREGORES PEREIRA

##### Sección Ciencias da Saúde

- ANTONIO ANDÚJAR ARIAS
- ALBA PAZ CASTRO
- CRISTINA CANDAL PEDREIRA
- JULIA REY BRANDARIZ

##### Sección Ciencias e Enxeñarías

- ÓSCAR VICENT GINER RAJALA
- JULIO NÓVOA FERNÁNDEZ
- MARÍA DO CARME PACÍN SALVADOR
- ARTURO CALVO TIAPA
- RAÚL ALVITE PAZO
- SAMUEL ALVITE PAZO
- BRAIS RAMOS PÉREZ
- ISAAC CARCACÍA CAMPOS
- ÁNGEL CIDRE DÍAZ
- ANDRÉS PÉREZ RODRÍGUEZ

##### Sección Ciencias Sociais e Xurídicas

- ELENA MARTINEZ CABRERA
- YAGO GONZÁLEZ QUINZÁN
- ÁLVARO LORENZO REY
- SARA CALVETE LORENZO
- FRANCISCO LÓPEZ BERMÚDEZ

#### REPRESENTANTES DO PERSOAL TÉCNICO, DE XESTIÓN, E ADMINISTRACIÓN DE SERVIZOS:

- Carolina López Gómez

## 9. XESTIÓN ADMINISTRATIVA

O 24 de abril de 2023 entrou en funcionamento a nova aplicación electrónica para a solicitude de depósito das teses de doutoramento dentro da aplicación Xescampus. Desde ese día, todas as solicitudes para a presentación e defensa da tese son iniciadas polas persoas doutorandas a través da Secretaría Virtual do Alumno (SVA). Ademais, o 26 de xuño entrou en funcionamento unha nova funcionalidade no módulo de tese de doutoramento, que permite que as persoas directoras e titoras autoricen a solicitude de defensa de tese dos seus estudantes de doutoramento cun simple clic, desaparecendo o documento de “Autorización do Director”.

Este era un desenvolvemento moi esperado xa que simplifica todo o procedemento ao convertelo nun proceso totalmente electrónico eliminando calquera rexistro/documentación en formato papel, ademais de axilizar os trámites de xestión das autorizacións e sinaturas de todas as persoas/órganos implicados neste proceso e permitir unha monitorización inmediata e exacta do estado do procedemento.

Finalmente, durante este curso seguíronse a fomentar as relacións entre a EDIUS e as sedes administrativas dos programas, en particular co persoal de apoio deste. Por exemplo, realizáronse dúas xornadas de formación destinadas a informar do funcionamento da nova aplicación informática para a xestión do depósito das teses a través de Xescampus, ademais da elaboración e envío dos manuais de uso da aplicación para este persoal.

## 10. XESTIÓN DA CALIDADE

O Informe de Seguimento dos programas de doutoramento (IS), o Informe sobre a Calidade dos Estudos de Doutoramento (ICED) e o Plan Anual de Mellora (PAM) son os principais instrumentos do Sistema de Garantía Interna da Calidade dos programas de doutoramento da EDIUS e teñen como obxectivo a mellora continua da titulación, garantindo un nivel de calidade que facilite o seu seguimento e acreditación pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG). As enquisas de satisfacción son unha fonte importante para a elaboración destes informes que, pola súa banda, son a base para a proposta do PAM por parte dos programas de doutoramento.

Durante o curso 2022/23 a calidade dos estudos de doutoramento foi avaliada tanto de forma interna coma externa. Internamente, aplicáronse os seguintes instrumentos habituais:

1. Enquisa ao estudiantado do programa de doutoramento;
2. Enquisa ás persoas directoras de tese;
3. Enquisa ao Persoal de Administración e Servizos de apoio aos programas de doutoramento.

Ademais, agás os que se atopaban en proceso de modificación da memoria de verificación, neste curso académico a maioría dos programas de doutoramento realizaron os seus IS internos. Por outra banda, varios programas de doutoramento recibiron a aprobación final das súas memorias de verificación como consecuencia das recomendacións dadas nos respectivos informes finais de acreditación.

### 10.1. RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Durante este curso académico continuouse coa avaliación externa do último programa pendente de renovación da súa acreditación: o programa de doutoramento interuniversitario en Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde.

Ademais, durante este curso académico 2022/23 acadouse a renovación da acreditación. Recibiuse o informe final de oito programas de doutoramento da USC:

- Análise Económica e Estratexia Empresarial
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Desenvolvemento Psicológico, Aprendizaxe e Saúde
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Medio Ambiente e Recursos Naturais
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas
- Xestión sustentable da terra e do territorio

Este resultado constitúe un éxito compartido dos programas e todos os seus actores: coordinacións, comisións académicas, estudantado, persoas directoras e titoras.

### 10.2. MODIFICACIÓN DE PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Iniciouse o proceso de modificación dos programas de doutoramento que recibiron a renovación da súa acreditación ou ben daqueles que teñen que afrontar cambios normativos derivados da aplicación da modificación do RD 99/2011 polo RD 576/2023 antes da entrada nun novo ciclo de acreditación. En total, 16 deles iniciaron o proceso de modificación da súa memoria de verificación para recoller os aspectos de obrigado cumprimento e as recomendacións establecidas polas respectivas comisións de avaliación. Estes programas foron:

- Ciencia de Materiais
- Educación
- Enxeñaría Rural e Civil
- Enxeñaría Química e Ambiental
- Epidemioloxía e Saúde Pública
- Estudos da Literatura e a Cultura
- Física Nuclear e de Partículas
- Historia, Xeografía e Historia da Arte
- Investigación Agraria e Forestal
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Investigación Clínica en Medicina
- Investigación en Tecnoloxías da Información
- Lingüística
- Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas
- Matemáticas
- Medicina e Sanidade Veterinaria

Ademais, o proceso de modificación das memorias a implantar no curso 2023/24 rematou con informe favorable de todos os programas que o solicitaron:

- Avances e novas estratexias en Ciencias Forenses
- Ciencias Odontolóxicas
- Comunicación e Información Contemporánea
- Economía e Empresa
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Finalmente, continuouse a mellorar a información institucional e común a todos os programas de doutoramento no modelo de memoria de verificación co obxectivo de simplificar o traballo aos programas, ademais de recoller toda a información necesaria para nutrir os campos que aínda requiren de mellora na información pública nas páxinas web institucionais dos programas.

### 10.3. ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

As enquisas de satisfacción ao estudantado e profesorado dos programas así coma a persoas directoras e titoras son un instrumento clave do sistema de calidade. A participación dos distintos colectivos é aínda escasa pero as medidas activadas para a súa mellora permiten agardar certo incremento na participación.

Paga a pena mencionar a este respecto que os datos, en termos xerais e a nivel de programa, seguen a mostrar unha lixeira mellora na valoración dos estudos de doutoramento por parte de todos os colectivos. Polo que respecta ao alumnado, de novo se salienta a utilidade das estadías realizadas. Tamén merece resaltarse a mellora notable na percepción dos resultados científicos obtidos polo estudiantado, algo xeneralizado en todas as ramas de coñecemento. Isto suxire que as persoas doutorandas cada vez publican máis e teñen unha participación máis activa en congresos, seminarios ou conferencias, aínda que existe un marxe de mellora neste aspecto. Así mesmo, hai unha marxe de mellora importante en relación ao desenvolvemento das teses. En todo caso, obsérvase unha satisfacción xeral elevada do estudiantado cos programas e coa Escola, aspectos nos que hai que incluír o traballo das persoas directoras.

As respostas do profesorado dos programas, así como das persoas responsables da titoría e dirección de teses, indican un paulatino crecemento da súa satisfacción respecto da organización e xestión dos estudos de doutoramento. A valoración da calidade da información dispoñible, do sitio web da Escola, da xestión administrativa e das relacións coa EDIUS segue a mellorar, o que é un estímulo para seguir traballando. Algo semellante pode sinalarse en relación coa valoración das actividades formativas, cuxa importancia foi callando tamén entre as persoas directoras. Isto é moi positivo pola influencia que estes teñen para que o estudiantado as curse e, deste xeito, mellore a súa competencia investigadora. As persoas directoras son tamén conscientes da precariedade das axudas coas que conta o estudiantado. Por último, resulta evidente que o profesorado dos programas (así coma as persoas directoras e titoras) amosa un bo nivel de satisfacción co estudiantado e cos programas no seu conxunto.

#### **10.4. INFORMES DE CALIDADE E PLAN DE MELLORAS**

A elaboración e aprobación do IS é responsabilidade da Comisión Académica do Programa de doutoramento (CAPD), consonte ao Procedemento PC-05 (análise de resultados e mellora dos programas), sendo a persoa coordinadora do programa de doutoramento a encargada de cumprimentar o informe no modelo achegado polo persoal da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP). Unha vez aprobado pola CAPD e pola Comisión de Calidade da EDIUS, publícase directamente na páxina web do programa de doutoramento. O informe consta de varios apartados editables para a reflexión e valoración dos indicadores. Poden introducirse os datos e consideracións que se estimen oportunos para unha mellor avaliación dos estudos.

No curso 2022/23, como se comentou con anterioridade, todos os programas de doutoramento non inmersos en procesos de modificación substancial da súa memoria de verificación e coordinados pola USC, realizaron o seu informe de seguimento interno. Estes son:

- Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Cultura e Territorio.
- Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura
- Estudos Medievais
- Filosofía
- Textos da Antigüidade Clásica e a súa pervivencia
- Agricultura e Medioambiente para o Desenvolvemento
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Biodiversidade e Conservación do Medio Natural
- Ciencia e Tecnoloxía Química
- Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética
- Enxeñaría Química e Ambiental
- Estatística e Investigación Operativa
- Láser, Fotónica e Visión
- Matemáticas
- Medio Ambiente e Recursos Naturais
- Avances e Novas Estratexias Forenses
- Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria
- Ciencias Odontolóxicas
- Endocrinoloxía
- Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias
- Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias
- Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos
- Medicina Molecular
- Neurociencia e Psicoloxía Clínica
- Dereito
- Desenvolvemento Rexional e Integración Económica
- Economía e Empresa
- Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social
- Psicoloxía do Traballo e as Organizacións Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario
- Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Para os programas de doutoramento suxeitos á modificación da memoria, decidiuse adiar este seguimento institucional ao curso académico seguinte.

O ICED é o documento elaborado pola Comisión de Calidade da EDIUS no que, a partir dos informes de seguimento dos programas de doutoramento, se analiza e avalía a calidade dos estudos de doutoramento da USC. Inclúe, no seu caso, as valoracións e recomendacións que considere oportunas dirixidas ás CAPD dos distintos programas de doutoramento. O ICED do curso 2022/23 está pendente de aprobación pola Comisión de Calidade da EDIUS. Unha vez aprobado, publicarase no sitio web da EDIUS.

En referencia ao Plan de Melloras, a persoa responsable da coordinación do programa de doutoramento elabóralo en paralelo ao informe de seguimento e remite ambos os dous, segundo o calendario establecido, á Comisión de Calidade da EDIUS para a súa aprobación. Se esta Comisión observara deficiencias na calidade técnica do informe de seguimento e o PAM podería solicitar á coordinación a solución das devanditas deficiencias. Unha vez aprobado este, será publicado automaticamente na páxina web do programa de doutoramento. O PAM, de ser necesario, foi integrado no informe de seguimento de cada programa que realizou este proceso no curso 2022/23. Nos casos dos programas de doutoramento en proceso de modificación de memoria, o PAM incorporouse e activouse na propia modificación da memoria dos programas suxeitos a este proceso.

## A) EQUIPO DIRECTIVO DA EDIUS

O equipo de dirección da EDIUS está composto pola persoa directora, os subdirectores/as e a persoa secretaria, segundo establece o seu Regulamento de Réxime Interno, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 24 de setembro de 2020, e os artigos 8, 9, e 13.

O director será designado polo Reitor e deberá ser un investigador de recoñecido prestixio de entre o Persoal Docente e Investigador da Universidade de Santiago de Compostela, condición que virá avalada pola posesión de cando menos tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co previsto no Real Decreto 1086/1989 de 28 de agosto.

Do mesmo xeito, a EDIUS contará cunha persoa secretaria, nomeada polo Reitor a proposta da persoa directora, de entre o persoal docente e investigador ou o persoal funcionario de administración e servizos dos subgrupos A1 e A2 que preste servizos na EDIUS. Ademais, a EDIUS poderá contar con un ou máis subdirectores/as propostas pola persoa titular da dirección, logo do informe do Comité de Dirección, e nomeados polo reitor ou reitora, por un período de catro anos renovable sucesivamente, de entre o Persoal Docente e Investigador da Escola co título de doutora ou doutor con vinculación permanente á Universidade que reúna a condición de investigadora ou investigador de recoñecido prestixio. Esta última condición acreditarase xustificando ter dirixido ou codirixido como mínimo dúas teses de doutoramento e estar en posesión de polo menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos consonte ao Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto, ou, no caso de non resultar de aplicación este último criterio de avaliación, deberanse acreditar méritos equiparables ao sinalado.

A composición actual do equipo directivo da EDIUS é a seguinte:

**Director:** Prof. Pablo Taboada Antelo

**Subdirectora de Artes e Humanidades:** Prof. Dolores Vilavedra Fernández

**Subdirector de Ciencias e Enxeñarías:** Prof. Eugenio Vázquez Sentís

**Subdirector de Ciencias da Saúde:** Prof. José Manuel Cifuentes Martínez

**Subdirector de Ciencias Sociais e Xurídicas:** Prof. José Miguel Túñez López

**Secretaria:** Prof. Eva Rodil Rodríguez

## B) EQUIPO ADMINISTRATIVO DA EDIUS

O equipo administrativo da EDIUS estrutúrase do seguinte xeito:

**Xefatura de Sección:** Carolina López Gómez

**Técnico Superior de Xestión:** María López Giménez

**Xefatura de Negociado de Escolas de Doutoramento:** María Esperanza Valero Fandiño

**Xefatura de Negociado de Estudos de Doutoramento:** Elvira Canosa Villar

**ATI (Área de Formación EDIUS - Vista Alegre):** María Teresa González Pastoriza

**Posto base:** Montserrat Mera Barreiro

**Posto base:** Margarita Aboal Somoza

**Posto base:** Alberto Lagarda Cerviño

**Posto base:** Luis Ramos Balsa

Hai que poñer de manifesto que o equipo administrativo da EDIUS segue sen atoparse correctamente dimensionado para a carga de traballo e competencias que asume, e isto malia as reiteradas peticións feitas desde a dirección da Escola a través da presentación, de novo, do plan estrutural das necesidades de recursos humanos e económicos da EDIUS así como da solicitude dunha modificación das competencias do devandito equipo, de cara a unha xestión máis eficaz dos estudos de doutoramento e os seus programas.

## C) COMITÉ DE DIRECCIÓN DA EDIUS

O Comité de Dirección é órgano colexiado de goberno da EDIUS. Segundo o artigo 7.1 do seu Regulamento de Réxime Interno está composto por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que o presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da EDIUS, que o será tamén do Comité de Dirección.
- c) As catro persoas titulares das subdireccións das seccións da EDIUS.
- d) As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á EDIUS. No caso de programas interuniversitarios de doutoramento, inclúiranse ás persoas coordinadoras dos mesmos na USC.
- e) Oito representantes do Persoal Docente e Investigador vinculado aos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, dous por cada sección, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento e programas de doutoramento diferentes.

f) Unha representación do estudiantado de doutoramento matriculado nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, e que suporá o 25% do número total dos membros do Comité de Dirección. A súa distribución será en número semellante para cada sección, pertencendo preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.

g) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

h) Un máximo de catro representantes das entidades que colaboran coa USC nos seus estudos e programas de doutoramento a través de convenios.

## D) COMISIÓN DE CALIDADE DA EDIUS

A Comisión de Calidade da EDIUS é o órgano encargado de velar pola calidade dos estudos de doutoramento na USC. As súas funcións e composición veñen determinadas polo Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, artigo 12, e estará composta por:

a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.

b) A persoa titular da secretaría da Escola, que actuará tamén como secretaria da Comisión de Calidade.

c) As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.

d) Oito persoas coordinadoras de programas de doutoramento, dous por cada sección da EDIUS, que pertencerán preferentemente a áreas de coñecemento diferentes.

e) Catro estudantes de doutoramento matriculados nos programas de doutoramento adscritos á EDIUS, un pertencente a cada sección desta.

f) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

## E) COMISIÓN EXECUTIVA DA EDIUS

A Comisión Executiva da EDIUS encárgase de xestionar e resolver as cuestións e asuntos de trámite da Escola, e segundo o artigo 10 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, está formada por:

a) A persoa titular da dirección da EDIUS, que a presidirá.

b) A persoa titular da secretaría da EDIUS, que actuará tamén como secretaria da Comisión Executiva.

c) As persoas titulares das catro subdireccións da EDIUS.

d) Os oito representantes do Persoal Docente e Investigador no Comité de Dirección da EDIUS.

## F) COMISIÓNS SECTORIAIS DA EDIUS

As comisións sectoriais da EDIUS encárganse de discutir, propoñer e elaborar todos os aspectos e cuestións relacionados coas especificidades propias dos diferentes ámbitos de coñecemento. Segundo o artigo 11 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS estarán formadas por:

- a) A persoa titular da dirección da EDIUS ou persoa en quen delegue, que as presidirá.
- b) A persoa titular da secretaría da EDIUS ou persoa en quen delegue, que o será tamén da secretaría das comisións sectoriais.
- c) A persoa titular da subdirección da sección correspondente.
- d) As persoas coordinadoras dos programas de doutoramento adscritos á sección correspondente.
- e) Dous representantes do estudantado de doutoramento pertencentes ao Comité de Dirección da Escola e que pertencen ao ámbito de coñecemento da sección correspondente.

## G) COORDINACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

As persoas encargadas da coordinación dos programas de doutoramento serán nomeadas polo Reitor ou Reitora para un período de catro anos renovable por unha soa vez, a proposta da Comisión Académica do Programa, entre o profesorado doutor que participe no programa e reúna as características exixidas polo artigo 8.4 do R.D. 99/2011 e o artigo 21 do Regulamento de Réxime Interno da EDIUS. Se se tratase dun programa interuniversitario, a persoa coordinadora sería nomeada por acordo dos reitores ou reitoras das universidades participantes ou polo medio indicado no correspondente convenio de colaboración (Regulamento de Réxime Interno da EDIUS, artigo 21.5). As persoas coordinadoras presidirán a Comisión Académica e a representarán no ámbito de investigación ao que pertenza.

# Memoria anual

2022/23



ESCOLA DE DOUTORAMENTO  
INTERNACIONAL DA USC

